

# Convocatorias e Calendario das probas ABAU

No curso 2017/2018 realizaranse dúas convocatorias da proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU):

- **ORDINARIA** (xuño – 2018)
- **EXTRAORDINARIA** (setembro – 2018)

<b>ORDINARIA</b>		
<b>XUÑO - 2018</b>		
Martes	Mércores	Xoves
<b>12</b>	<b>13</b>	<b>14</b>

<b>EXTRAORDINARIA</b>		
<b>SETEMBRO - 2018</b>		
Mércores	Xoves	Venres
<b>12</b>	<b>13</b>	<b>14</b>

A superación da Parte Obrigatoria da proba ABAU terá validez indefinida. Os estudantes poderán presentarse a Parte Obrigatoria da proba ABAU en sucesivas convocatorias para mellorar a súa cualificación; neste caso deberán examinarse da totalidade das materias que configuran a Parte Obrigatoria da ABAU. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

Aos efectos da súa ponderación, as cualificacións das materias troncales de opción obxecto de exame na Parte Voluntaria da ABAU e a da materia troncal de modalidade obxecto de exame na Parte Obrigatoria da ABAU terán validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á superación destas; por exemplo, para aqueles que as superen na convocatoria Ordinaria e Extraordinaria de 2018, a nota das materias da Parte Voluntaria e da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria terá validez para o acceso á universidade nos cursos 2018-2019 e 2019-2020.

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación de calquera das materias da Parte Voluntaria. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

Nas sucesivas convocatorias a proba realizarase na universidade pública á que estea adscrito, aos indicados efectos, o centro de educación secundaria no que se superase o segundo curso de bacharelato ou na universidade á que estea adscrito o instituto de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.